



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



DECRETO DE ALCALDÍA

Vista a Resolución de data 15/05/2025 da Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Emprego, Comercio, e Emigración, pola que se concede unha subvención ao CONCELLO DE CERDIDO por importe de 16.602,00 euros ao abeiro do disposto na Orde do 5 de marzo de 2025 que establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e procede a convocalas para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025) (código de procedemento TR351G)

Vista a Resolución de 15/05/2025, pola que se concede ao Concello de Cerdido unha subvención de 16.602,00 euros para a contratación de un peón para a realización de tarefas de desbroce e limpeza para prevención de incendios forestais Visto o decreto de alcaldía número 127/2024 de 30/05/2024 polo que se procede ao nomeamento do tribunal cualificador e á aprobación da lista de candidatos admitidos no proceso de selección.

Vista a acta do tribunal cualificador de data 27 de xuño de 2025 na que se propón a contracción de José Luis Lorenzo Martínez coma peón, persoal laboral temporal.

No uso das atribucións que outorga o artigo 21.1.h da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, veño en **RESOLVER**:

Primeiro: Aceptar a proposta realizada polo tribunal cualificador reunido o día 27 de xuño de 2025 e proceder a contratar o seguinte persoal dentro do programa APROL RURAL 2025 da Xunta de Galicia , con data de inicio 3 de xullo de 2025 e cunha duración de nove meses:

Tipo de contrato laboral: contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego.

	Xornada
José Luis Lorenzo Martínez (DNI *****1132*)	Completa

Segundo: Proceder á publicación deste decreto xunto coa acta da comisión de selección no taboleiro de anuncios do Concello.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que o ditou no prazo dun mes dende o día seguinte o da súa notificación ou ben o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a da súa notificación, sen prexuízo de interpoñer os recursos que estime máis axeitados.